



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DO HÓRREO
O 9 DE DECEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: MSV no contorno de TCA na estrada PO-403, p.q. 8+600 a 10+200", de clave: PO/17/151.06, no concello de Ponteareas.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para a subministración de equipos servidores para a Xunta de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un valor estimado de dez millóns catrocentos noventa e nove mil oitocentos euros (10.499.800 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, con varios empresarios, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, da subministración de equipamento informático de postos de traballo en centros da Xunta de Galicia, por un valor estimado de nove millóns cincocentos trinta e un mil euros (9.531.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a addenda para a cuarta prórroga do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e a Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., para a cesión de vivenda destinada ao alugamento alcanzable.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cee para a nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión (A Coruña), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (Feder) nun 80 %, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por importe de trescentos sesenta e nove mil seiscientos oitenta e nove euros con cincuenta e nove céntimos (369.689,59 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra denominada "centro integral de saúde (CIS) da Comarca Deza-Lalín", clave: PO/20/146.30, cun orzamento base de licitación de nove millóns cincuenta e un mil cincocentos trece euros con vinte e tres céntimos (9.051.513,23 €) e cun valor estimado de sete millóns catrocentos oitenta mil cincocentos oitenta e nove euros con corenta e cinco céntimos (7.480.589,45 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Cenlle para a humanización da travesía de Trasariz, por importe total de cento setenta mil novecentos vinte e seis euros con setenta e dous céntimos (170.926,72 €), tramitado como anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscientos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864,00 €) e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de realización de rutas de transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia mediante 57 lotes, para os cursos escolares 2021/2022 e 2022/2023 (expediente 1A/2020/TE) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada de gasto e ordinaria, polo importe de oitenta e un millóns douscentos cincuenta e seis mil setecentos euros con cincuenta céntimos (81.256.700,50) e un valor estimado de cento setenta e sete millóns douscentos oitenta e sete mil trescentos corenta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (177.287.346,53 €).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

CONSELLERÍA EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e de conformidade co previsto nos artigos 63 e 67 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, dos créditos consignados no proxecto de orde pola que se amplían os créditos da Orde do 9 de xullo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas a centros especiais de emprego (CEE) co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede a súa convocatoria para as anualidades 2020-2021, por un importe de ampliación de dous millóns douscentos oitenta e cinco mil euros (2.285.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER), para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por un importe de seiscentos sesenta e catro mil trescentos catorce euros con corenta e cinco céntimos (664.314,45 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre subvencións para actuacións de mellora das infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración para o ano 2020.
- Informe sobre a publicación das ordes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo polas que se establece a compensación económica aos colexios de avogados e procuradores polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2020 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2021.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a resolución da liña de axudas para os centros de fabricación avanzada para grandes empresas.
- Informe sobre a concesión de novacións extraordinarias dos préstamos do Igape con motivo da crise consecuencia da covid-19.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia do expediente de contratación de adquisición urxente dunha ampla gama de material necesario para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da covid-19 na Área sanitaria de Vigo, material para diagnóstico (kit de detección, probas PCR, tests rápidos de anticorpos, etc.), para tratamento da enfermidade (equipamentos circuitos respiratorios, máscaras de oxíxeno, cámaras de nebulización) así como elementos de protección individual (batas, mascararas de protección FFP2 e FFP3) e sistemas de illamento, por importe de dous millóns douscentos trinta mil setecentos vinte euros (2.230.720 €) IVE incluído.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de cinco millóns cincuenta e cinco mil trescentos noventa e nove euros (5.055.399 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da covid-19, por importe de catrocentos once mil novecentos setenta e nove euros con noventa e un céntimos (411.979,91€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan de voluntariado para o Xacobeo 2021.
- Informe sobre a creación dun Comité Asesor Sociosanitario.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre proposta normativa en materia de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA REFORZAR A SEGURIDADE VIARIA NUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA ESTRADA PO-403, EN PONTEAREAS, CUN INVESTIMENTO DE 650.000 EUROS

- *O orzamento inclúe o pagamento dos 24 predios necesarios para executar esta obra no tramo de 1,6 quilómetros desta vía, entre o enlace coa A-52 e o final da travesía de Angoares*
- *A Consellería de Infraestruturas procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no 1º trimestre de 2021, cun prazo de execución de 8 meses*
- *Esta intervención mellorará as interseccións para facilitar os movementos con maior visibilidade e reforzará a seguridade nos pasos de peóns*
- *A actuación incorpora as achegas presentadas durante o proceso de información pública para ampliar as beirarrúas e estender o treito de itinerario peonil continuo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras de mellora da seguridade viaria no treito de concentración de accidentes da estrada autonómica PO-403 ao seu paso polo concello de Ponteareas.

O orzamento destinado polo Goberno galego a este proxecto rolda os 650.000 euros, nos cales se inclúen os preto de 61.000 euros para o pagamento das expropiacións dos 24 predios necesarios para executar esta actuación.

Esta intervención enmárcase na estratexia do Goberno galego para a eliminación dos “puntos negros” na rede viaria autonómica. Os traballos comprenden o tramo de 1,6 quilómetros de lonxitude, desde o punto quilométrico 8+600, despois do enlace coa autovía das Rías Baixas, a A-52, e o final da travesía de Angoares, no punto 10+200.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre do 2021 ano. Os traballos teñen un prazo de execución de 8 meses.

As intervencións proxectadas polo departamento de Infraestrutura da Xunta teñen como principais obxectivos a mellora e reordenación das interseccións con maior accidentalidade, mediante a execución de cuñas de desaceleración ou aceleración, que faciliten os movementos de saída e incorporación á estrada autonómica para evitar a probabilidade de alcance e incrementar a visibilidade.

Nas obras prevese, tamén, a creación de puntos específicos para realizar os xiros á esquerda e cambios de sentido con suficiente visibilidade, o que permitirá, ademais,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

reordenar outras interseccións próximas, limitando xiros que non se realizan actualmente nas condicións desexables de visibilidade.

Con esta intervención tamén se mellorará a seguridade nos pasos de peóns, establecendo medidas que garantan a súa visibilidade, mediante a restrición do aparcadoiro nas súas aproximacións ou a ampliación da beirarrúas no paso de peóns.

Principais actuacións

Máis en concreto, as principais actuacións proxectadas inclúen a mellora da intersección actual no punto quilométrico 8+860, coa creación dunha semiglorieta para un cambio de sentido e a execución dunha glorieta no punto 9+380 para calmar o tráfico e reordenar as saídas próximas.

A actuación incorpora, ademais, as achegas presentadas ao proxecto inicial e inclúe a ampliación das beirarrúas, desde o punto quilométrico 9+210 ata a nova glorieta no punto 9+380, para completar un itinerario peonil continuo polas dúas marxes da estrada no treito obxecto da actuación. Esta intervención tamén atende á solicitude para mellorar a seguridade peonil coa protección do paso de peóns no punto quilométrico 9+160.

A intervención completárase coa actuación na intersección da PO-403, no punto quilométrico 9+920, mellorando a súa visibilidade coa execución de cuñas de cambio de velocidade e dun carril central.



Planta xeral

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Plano de situación



Mapa de situación

A XUNTA REFORZA AS INFRAESTRUTURAS E OS MEDIOS TECNOLÓXICOS PARA ADAPTAR O POSTO DO EMPREGADO PÚBLICO AO TELETRABALLO E ÁS NECESIDADES DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a tramitación de dous contratos marco por un importe máximo de ata 20 millóns de euros que permitirán avanzar progresivamente na dotación de 21.000 postos dixitais*
- *En 2021 investiranse ata 10 millóns de euros para facilitar a extensión do teletraballo*

A Xunta está a traballar nun plan de acción para adaptar o modelo tradicional de posto de traballo na Administración autonómica ás crecentes necesidades derivadas da dixitalización e da mobilidade, facilitando a extensión do teletraballo dun xeito seguro e funcional en todos os postos que así o requiran.

Para dar soporte a este plan é preciso dotar de xeito progresivo de novo equipamento os 21.000 empregados públicos da Administración xeral e reforzar a capacidade das infraestruturas dixitais da Administración autonómica.

Con este obxectivo o Consello do Goberno galego autorizou hoxe a tramitación de dous contratos marco, que suman un investimento máximo de 20 millóns de euros en dous anos, un destinado á compra de servidores para incrementar a capacidade do Centro de Procesos de Datos Integral da Xunta (CPDI) e outro á adquisición do equipamento necesario para configurar o posto de traballo dixital.

Para 2021, e como acompañamento ao novo regulamento do teletraballo, o plan prevé un investimento de 10 millóns de euros tanto na dotación do equipamento de posto de traballo como no reforzo das infraestruturas dixitais centrais e a posta de marcha de plataformas avanzadas de escritorio virtual e traballo colaborativo.

En función das súas necesidades, o plan identifica cinco perfís distintos de posto de traballo, que se dotarán de equipamento específico en función da súa casuística: postos de perfil administrativo que poden potencialmente realizar parte das súas funcións en réxime de teletraballo; o posto de xestión fixo convencional, que non precisa solucións de mobilidade; o posto de alta mobilidade para perfís de alta dirección, responsables intermedios, colectivos de inspección, xuíces, fiscais etc, que; postos de persoal técnico avanzado (enxeñeiros, arquitectos, programadores etc.) que realizan funcións en mobilidade e que precisan dun equipamento con capacidades especiais; e postos de aula non pertencente a centros escolares CEMIT, (EGAP), (AGASP), (CSHG).

Este plan en elaboración definirá a estratexia e orientación da Amtega na evolución do posto de traballo dixital corporativo nos próximos anos.

MEDIO AMBIENTE RENOVA A COLABORACIÓN COA SAREB PARA GARANTIR O FOGAR DE 50 FAMILIAS GALEGAS A PREZOS VANTAXOSOS

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade financeira pola que se cede o usufruto das vivendas ao Goberno galego*
- *Esta colaboración, que comezou no ano 2015, é unha garantía de vivenda para 50 familias que se ven afectadas por unha situación de emerxencia social*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá autorización a renovación do convenio de entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a entidade financeira Sareb, coa que se garante un fogar a 50 familias galegas a prezos vantaxosos. Trátase da cuarta addenda relativa a esta colaboración que se iniciou no ano 2015.

Con base no convenio, que establece unha vixencia ata o 31 de decembro de 2021, a Xunta é usufrutuaria dos inmobles, para destinalos a alugamento social. As vivendas están localizadas nos concellos da Coruña, Arteixo, Cedeira, Cee, Culleredo, Ferrol, Miño, Lalín, Narón, O Barco de Valdeorras, O Porriño, Poio, Ponteareas, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Vigo e Vilagarcía de Arousa. A Sareb recibirá 71.000 euros pola cesión dos inmobles.

Grazas a esta colaboración facilitouse unha oportunidade para aqueles casos de emerxencia, como o realoxo de afectados por execucións hipotecarias, vivendas de inserción social, e outros similares, adxudicándoas en condicións similares ás das vivendas de promoción pública propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

Os inquilinos destas vivendas acceden a elas pagando un prezo de alugamento reducido, pois os recibos mensuais oscilan entre os 40 e os 133 euros, en función da situación económica e social de cada arrendador, que deberán aboar -ademais do alugamento- os consumos de enerxía, auga; xa que os gastos de reparacións ordinarias son asumidos polo IGVS, mentres que os gastos de comunidade, impostos e gastos extraordinarios de mantemento e reparación son por conta de Sareb. O mantemento e reparacións ordinarias son por conta do IGVS.

A cesión de vivendas por parte de Sareb enmárcase nos convenios asinados polo IGVS coas entidades financeiras para a cesión de vivendas destinadas a alugamento social.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE PRETO DE 370.000 EUROS PARA IMPULSAR A MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO MUNICIPAL DOS CONCELLOS DE CEE E DE CORCUBIÓN

- *O Executivo autonómico dá luz verde á colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cee para licitar a redacción do proxecto construtivo da nova depuradora de augas residuais*
- *A Xunta asume o financiamento e contratación do proxecto construtivo, así como a súa supervisión e aprobación, por importe de 348.000 euros*
- *O Concello comprométese a pór á disposición os terreos, cun custo de 22.000 euros, para a realización dos estudos técnicos necesarios para elaborar o proxecto e, unha vez aprobado este, á súa adquisición e entrega para o inicio das obras*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Augas de Galicia, e o Concello de Cee para impulsar a mellora do sistema de saneamento municipal de Cee e Corcubión. Cun investimento de preto de 370.000, esta colaboración entre as Administracións autonómica e local ten como obxectivo a licitación da redacción do proxecto construtivo da nova depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión.

Dada a necesidade existente de mellorar o sistema de saneamento de Cee e Corcubión, Augas de Galicia realizou unha análise de alternativas co obxecto de determinar a mellor ubicación para a execución da citada depuradora. O estudo, enmarcado nas actuacións proxectadas pola Xunta de Galicia para a mellora do sistema de saneamento nestes dous concellos da Costa da Morte, permitiu determinar no municipio de Cee o lugar para executar a nova estación depuradora de augas residuais de Cee e Corcubión.

Augas de Galicia prevé licitar a redacción do proxecto construtivo da nova estación depuradora de augas residuais de Cee-Corcubión, polo que, para a correcta execución deste contrato, é necesario que o Concello de Cee poña á disposición os terreos para que a adxudicataria poida realizar os traballos xeotécnicos e topográficos precisos.

Segundo o convenio aprobado hoxe polo Executivo Autonómico, Augas de Galicia entregará ao Concello o estudo de alternativas en que se determinan as parcelas onde se vai localizar a estación depuradora, asumindo integramente o financiamento e a licitación do proxecto construtivo, que suporá un investimento de 348.000 euros, así como a súa supervisión e aprobación. A actuación conta co cofinanciamento da Unión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Europea, a través do programa operativo do Fondo europeo de desenvolvemento rexional Feder.

Pola súa banda, o Concello de Cee comprométese á pór á disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para executar estes traballos técnicos precisos para a elaboración do proxecto construtivo, así como á adquisición dos predios necesarios unha vez aprobado o proxecto construtivo da nova depuradora, cuxo custo ascende a preto de 22.000 euros.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DO NOVO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DE LALÍN, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS

- *O Goberno galego prevé licitar as actuacións na segunda quincena deste mes, para inicialas a vindeira primavera*
- *Os orzamentos da Xunta para 2021 inclúen unha partida para impulsar este proxecto, que consta dun prazo de execución de 18 meses*
- *Estas infraestruturas sanitarias darán servizo a preto de 35.000 habitantes da comarca do Deza*
- *O centro integral de saúde distribuirase en 4 andares, dos cales 3 se destinarán ao centro de saúde e outro ao PAC*
- *O CIS contará con 11 consultas de medicina, 11 de enfermaría, 1 de farmacia e 2 de odontoloxía, ademais de sala de técnicas, mostras e varias polivalentes*
- *Este centro permitirá ampliar o programa de cirurxía menor ambulatoria e activar servizos como a rehabilitación cardíaca ou de enfermidades musco-esqueléticas*

O Consello da Xunta autoriza a licitación das obras do novo centro integral de saúde de Lalín, cun investimento de que suporá un investimento autonómico de máis de 9 millóns de euros.

Cómpre lembrar que, co obxectivo de acurtar os prazos administrativos do proceso de contratación das obras, xa se publicou un anuncio previo desta licitación na Plataforma de contratos de Galicia.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, a Xunta prevé licitar as actuacións na segunda quincena deste mes de decembro, coa previsión de inicialas na vindeira primavera.

Os orzamentos da Xunta para 2021 inclúen a partida necesaria para impulsar este proxecto estratéxico para a comarca da Deza, que consta dun prazo de execución de 18 meses. O financiamento da obra beneficiarase dos fondos FEDER – React EU, ao ser esta unha actuación que permitirá xerar actividade económica na súa construción e un mellor servizo sanitario tras a súa posta en servizo.

O servizo de atención primaria de Lalín dá cobertura aos concellos de Agolada, Lalín, Rodeiro e Dozón e tamén ofrece diversas asistencias aos municipios de Silleda e de Vila de Cruces. Está previsto que preto de 35.000 habitantes desta comarca se beneficien da nova infraestrutura.

O centro integral de saúde de Lalín distribuirase en 4 andares, dos cales 3 se destinarán ao centro de saúde e outro ao PAC.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A superficie total construída para este centro de saúde será de 5.731,50 m², cunha superficie útil de 4.935,05 m². O deseño priorizará a funcionalidade do edificio, cun esquema sinxelo de dous patios interiores a modo de claustro onde envorcan as zonas de espera e as de circulación.

Distribución dos servizos

O centro contará cunha área asistencial con 11 consultas de medicina, 11 de enfermaría, 1 de farmacia e 2 de odontoloxía, ademais de sala de técnicas, mostras e varias polivalentes.

Na área de especialidades médicas haberá 4 consultas de medicina, 2 de enfermaría e 3 gabinetes de exploración. A área pediátrica inclúe 3 consultas de medicina, 2 de enfermaría e 1 sala de atención integral.

O CIS de Lalín tamén abranguerá unha área de hospitalización a domicilio, outra de atención á muller, unha de rehabilitación, unha de telemedicina, outra de diagnose por imaxe, unha de hemodiálise con 12 postos e unha área integral de saúde pública.

Esta infraestrutura sanitaria incluírá un punto de atención continuada, con 3 consultas, 5 dormitorios, unha sala de críticos e outra de observación.

A posta en marcha deste CIS permitirá ampliar o programa de cirurxía menor ambulatoria e activar outros novos servizos como o de rehabilitación cardíaca, de solo pélvico ou de enfermidades musco-esqueléticas.

Ademais, as instalacións disporán dunha área de servizo de transporte sanitario con soporte vital básico, espazos comúns, de persoal, administración e arquivo.

A urbanización constará dunha zona verde na parte norte da parcela, de dúas áreas de aparcadoiro e dunha praza vinculada ás dúas entradas públicas do edificio.

A Xunta continúa traballando para dotar a comarca do Deza dunha atención sanitaria de calidade, poñendo á disposición dos veciños dos concellos que integran a bisbarra unha infraestrutura moderna e con capacidade de resolución de alto nivel.

Na seguinte imaxe amósase unha infografía do Centro Integral de Saúde de Lalín



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta





O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O INVESTIMENTO DE 171.000 EUROS PARA A HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA DE TRASARIZ, NO CONCELLO DE CENLLE

- *Actuarase nun treito de 446 metros da travesía de titularidade autonómica, que conecta un treito antigo da estrada N-120 con este núcleo rural do municipio ourensán*
- *Construirase unha senda para o tránsito seguro de peóns, mellorarase a accesibilidade para as persoas con discapacidade e humanizarase o espazo*
- *A Xunta asumirá o custo das actuacións, correspondéndolle á Administración local a redacción do proxecto e a execución das obras, así como asumir a titularidade da travesía*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o Concello de Cenlle para a execución das obras de humanización da travesía de Trasariz, no concello de Cenlle.

Cun investimento autonómico de 171.000, esta colaboración entre as administracións autonómica e local ten como obxectivo a execución dunha senda para o tránsito seguro de peóns, a mellora da accesibilidade para as persoas con discapacidade e a humanización do espazo.

O Goberno galego dá así o visto e praxe ás actuacións previstas nesta travesía de titularidade autonómica, que ten 446 metros de lonxitude e que conecta un treito antigo da estrada N-120 co núcleo rural de Trasariz.

Trátase dunha actuación de mellora de accesibilidade e seguridade viaria que redundará na calidade de vida dos veciños, xa sexan peóns ou condutores. A senda garante, ademais, un espazo seguro para tránsito de peóns nesta vía que carece de beirarrúas e de carrís delimitados.

As actuacións que se prevén realizar no marco do convenio autorizado hoxe polo Executivo Autonómico céntranse na execución dunha senda, con bordo prefabricado de formigón a ambos os dous lados, a modo de separación entre a estrada e a propia senda.

Os traballos inclúen a mellora da drenaxe da escorrenta superficial e a construción, xunto ao edificio do concello, dun muro de contención do noiro existente, para mellorar a estabilidade e xerar maiores espazos para dar cabida a elementos da senda. As obras complétanse coa renovación e sinalización horizontal e vertical da travesía.




INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Segundo establece o convenio aprobado hoxe pola Xunta, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade asumirá os gastos de execución das obras. Ao Concello de Cenlle correspóndelle a redacción do documento técnico para a execución das obras, a licitación e execución dos traballos e asumir a titularidade da estrada antes da licitación das obras. A Administración local asume, ademais, a obriga da súa conservación e mantemento.

Con estas actuacións, a Xunta de Galicia trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que achegue unha maior calidade de vida á cidadanía.

No seguinte mapa amósase a zona da actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA RENOVA O SEU ACORDO COA FEGAMP E DESTINA CASE 659.000 EUROS Á LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

- *A Consellería de Educación achegará os cartos á Federación Galega de Municipios e Provincias para que esta se faga cargo destas tarefas en 34 centros de toda Galicia*
- *Esta medida complementase co reforzo realizado polo Goberno galego para a limpeza de centros de ensino, cun investimento adicional de case 1M€*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de toda a xeografía galega. En total, o departamento educativo da Xunta de Galicia destinará 658.864 euros a este fin, que serán aboados á FEGAMP para que se encargue da contratación.

O convenio enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a FEGAMP no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros de ensino, logo da adhesión do respectivo concello ao citado acordo marco.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito, evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

Reforzo de 1 M€

Esta medida complementase co reforzo realizado polo Goberno galego para a limpeza de centros de ensino en que a competencia deste servizo lle corresponde, isto é, en que imparten ensinanzas de etapas posteriores á educación primaria e son de titularidade da Xunta. Isto supuxo atender as necesidades de reforzo deste servizo nun total de 77 centros, a través dun investimento adicional de case 1 millón de euros.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN LICITARÁ POR MÁIS DE 80M€ O TRANSPORTE ESCOLAR DOS DOUS PRÓXIMOS CURSOS

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao expediente de contratación do servizo para as rutas de 424 centros de ensino*
- *Galicia é a comunidade coa maior rede de transporte escolar, que concentra o 21,6 % do gasto estatal neste servizo*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade licitará por 81.256.700,50 € o transporte escolar dos dous próximos cursos, 2021/22 e 2022/23, prorrogable por outros dous cursos máis. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao expediente de contratación do servizo para as rutas de 424 centros de ensino, as dependentes do departamento educativo do Goberno galego.

A día de hoxe a Consellería de Cultura, Educación e Universidade xestiona o 47 % das rutas de transporte escolar de Galicia, mentres que o resto das rutas pasaron a ser xestionadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tras a entrada en funcionamento do Plan de transporte público de Galicia, que supuxo a implantación da nova modalidade de transporte público, coñecida como o autobús compartido.

O servizo de contratación da Consellería de Educación para 424 centros educativos divídese en 57 lotes, que inclúen o transporte de varios centros, en función do número de alumnos transportados e o número de rutas. Cada licitador poderá ser adxudicatario de, como máximo, oito lotes.

O número máximo de días de prestación do servizo nos centros educativos será de 178 días lectivos por cada curso escolar para todos os lotes, 356 días lectivos en total.

O importe máximo do orzamento da licitación resulta de multiplicar os distintos custos unitarios (prezo/día do vehículo, prezo por quilómetro e prezo/hora de persoa condutora e acompañante) polo número de unidades producidas (horas de servizo, horas en baleiro e horas de produción da persoa condutora e acompañante) durante os cursos 2021/22 e 2022/23.

Así mesmo, o orzamento inclúe a previsión de incremento de servizos (un 10 %), co obxectivo de facer fronte a modificacións ou imprevistos derivados da implementación destes servizos.

Como resultado, o prezo/día co servizo ascende a 228.249,15 € para a totalidade dos lotes, o que multiplicado polos 356 días de servizo ofrece o importe total do contrato, de máis de 80M€. O valor estimado do contrato ascende a 177.287.346,53 €, froito de contabilizar o prezo do contrato sen IVE para os dous cursos e a posible prórroga de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

dous cursos máis, así como o importe previsto do 10 % por curso para as posibles modificacións.

A maior rede

Galicia continúa sendo a comunidade autónoma coa maior rede de transporte escolar, concentrando o 21,6 % do gasto de toda España neste eido. A tramitación deste expediente permite continuar ofrecendo este servizo a centros públicos de toda Galicia.

Este curso gozan do transporte escolar un total de 86.597 alumnas e alumnos de 774 centros educativos públicos. Ademais, dáse cobertura de transporte a 311 alumnos de centros de educación especial que non son públicos a través de convenios con 13 entidades, cun orzamento de 1.012.450,32 euros.

O transporte escolar é un servizo educativo complementario gratuíto para todo o alumnado con dereito a el segundo os requisitos establecidos na normativa vixente.

O pasado mes de outubro a Consellería de Cultura, Educación e Universidade enviou xa ao *Diario Oficial de la Unión Europea* o anuncio dos trámites previos para a licitación do transporte para os cursos 2021/22 e 2022/23. Isto permite tamén a prórroga do servizo do actual curso ata o seu remate.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA APOIA CON 20 MILLÓNS DE EUROS A INSERCIÓN DE MÁIS DE 3.200 TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

- *O Goberno galego promove a creación, ampliación, mantemento e adaptación dos postos de traballo nos centros especiais de emprego co obxectivo de acadar a integración laboral das persoas con dificultades para atopar un posto de traballo*
- *Estímase que se poidan beneficiar desta axuda 3.210 persoas con discapacidade e que se creen 42 postos de traballo indefinidos*
- *Ademais, 554 persoas con discapacidade, con especiais dificultades de inserción laboral recibirán atención de 88 profesionais das unidades de apoio á actividade profesional*

A Xunta mantén o seu compromiso coa economía social para que Galicia poida seguir desenvolvendo un modelo centrado nas persoas, integrador e que proporciona emprego de calidade. Así, o Consello da Xunta aprobou hoxe elevar a 19,5 millóns de euros as axudas destinadas a apoiar os 111 centros especiais de emprego na Comunidade. Con este investimento financiará o emprego de 3210 traballadores con discapacidade. O programa, cuxas bases se publicarán no DOG antes de que remate este mes de decembro, permite apoiar a creación, ampliación, continuidade e adaptación dos postos de traballo, así como o mantemento do custo salarial dos seus traballadores e a contratación de unidades de apoio.

O obxectivo principal destas axudas, que creceron en preto dun 70 % desde 2016, é promover a integración laboral deste colectivo. De feito, a nova convocatoria inclúe tres programas: con máis dun millón de euros financiarase os custos salariais e de Seguridade Social derivados da contratación indefinida de 88 profesionais para unidades de apoio en centros de traballo, que se prevé que atendan a 554 persoas con capacidades diversas con especiais dificultades de inserción laboral. Neste caso, a contía das axudas será, como máximo, de 2400 euros anuais por cada traballador atendido por este equipo de profesionais.

O segundo plan, cun millón de euros de investimento, está dirixido á creación, ampliación, mantemento e adaptación de postos de traballo nos centros especiais de emprego de iniciativa social. A Xunta estima axudar as entidades na xeración de 42 postos de traballo indefinidos. A contía da axuda será de 12.000 euros por posto creado a xornada completa, que se pode incrementar con incentivos acumulables do 25 % en colectivos como mulleres, persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social, maiores de 45 anos, emigrantes retornados ou centros de traballo localizados no rural. Deste xeito, os apoios poderán alcanzar os 30.000 euros.

Este programa tamén inclúe apoios para a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas con axudas de 2000 euros por posto adaptado. Así mesmo, concederanse axudas para financiar asistencia técnica que sexan

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

necesarias para a creación, mantemento e mellora dos centros especiais de emprego. Entre outros, financiarase a contratación de persoal de dirección, os traballos necesarios para a obtención de certificados de calidade, estudos de viabilidade, organización e comercialización, asesoramento, auditorías e informes económicos. As contías oscilarán entre os 2000 e os 15.000 euros.

A terceira das iniciativas está dirixida ao mantemento do custo salarial duns 3210 traballadores dos 111 centros especiais. A axuda para este ano será de 6650 euros por traballador contratado a xornada completa, incrementándose ata os 7980 euros anuais para aqueles con especiais dificultades de inserción laboral.

Nos últimos dez anos, o número de persoas con discapacidade atendidas nos centros especiais de emprego de Galicia multiplicouse por máis de dúas veces e media, pasando das 1296 persoas en 2009 ás 3182 o ano pasado.

O acceso ao emprego é un elemento decisivo para a integración das persoas con discapacidade na economía e na sociedade nun sentido amplo. Tamén constitúe unha prioridade do Goberno galego. De feito, o orzamento da Consellería de Emprego e Igualdade prevé para 2021 a promoción do emprego inclusivo das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social con 23,7 millóns (+10,7%). Activarase así unha nova liña de axudas para o reequilibrio financeiro dos centros especiais de emprego e de empresas de inserción para garantir a súa viabilidade, que contará cun orzamento de 1,7 millóns.

A Xunta está a traballar polo emprego inclusivo procurando unha maior achega do emprendemento con especial atención á integración laboral das persoas en situación de vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

O SERGAS INVISTE MÁIS DE 600.000 EUROS NO TRANSPORTE PARA HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- *Este servizo, que se realiza en convenio coa asociación Alcer, beneficiou a preto de 180 pacientes durante o ano pasado*
- *O acordo terá una duración dun ano e poderase prorrogar por períodos anuais ata un máximo de 3 anos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril (ALCER) para simplificar as prestacións por desprazamento dos pacientes da provincia de Lugo afectados por insuficiencia renal crónica e que reciben tratamento de hemodiálise.

Deste xeito, os pacientes que teñen que acudir a diferentes centros distribuídos pola provincia luguesa para seren tratados con hemodiális, son trasladados en taxi ou, se a súa condición clínica así o require, en ambulancia.

Este convenio, que conta cun orzamento de 644.314 euros, beneficiou a 176 pacientes durante o pasado ano 2019.

O convenio entre o Servizo Galego de Saúde e ALCER, que se vén renovando ininterrompidamente desde o ano 2008, terá una duración dun ano contado desde o momento da súa formalización.

UN TOTAL DE 80 ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS BENEFICIÁRONSE DAS AXUDAS DA XUNTA PARA O INCREMENTO DA CALIDADE DA OFERTA

- *A través de Turismo de Galicia aportáronse case 1,5 millóns de euros a proxectos que permitiron a execución de actuacións orientadas a eliminación de barreiras arquitectónicas, mobiliario ou mellora da eficiencia enerxética*
- *O Goberno galego incrementou nun 20 % o investimento desta liña de axudas creada en 2018 para mellorar os establecementos turísticos*
- *Esta foi a primeira edición en que se incorporaba unha liña dirixida a restaurantes*

A Xunta concedeu axudas para a mellora dos establecementos de aloxamento turístico e de restauración por importe de case 1,5 millóns de euros dos que se beneficiaron 80 establecementos. Así o recolle o informe presentado hoxe ao Consello da Xunta no cal se fai balance desta liña de axudas que nesta edición incorporou por vez primeira a concesión de axudas aos establecementos de restauración.

O investimento concedido a través de Turismo de Galicia permitiu actuacións de mellora da infraestrutura turística galega orientadas a eliminación de barreiras arquitectónicas, mellora da sustentabilidade enerxética ou modificacións que lles permitiran aos establecementos obter certificacións de calidade. O investimento realizado permitiu acometer proxectos que mobilizaron 8.3 millóns de euros dos que o 80 % foron destinados á mellora de aloxamentos.

A incorporación por vez primeira dos establecementos de restauración nesta liña de axudas traducíuse tanto no incremento dun 20 % no orzamento establecido como no número de beneficiarios, que pasaron de 74 do ano pasado aos 80 desta edición.

A restauración, maioritaria

O informe dá conta tamén da tipoloxía dos establecementos que foron beneficiarios desta liña recorrente de axudas destacando os establecementos de restauración, que foron os que maior número de proxectos obtiveron (32), seguido dos hoteis (30), os campamentos de turismo (7), aloxamentos de turismo rural (5), pensións (5) e hotel balneario (1).

A convocatoria destas axudas permitiu levar adiante proxectos dirixidos fundamentalmente a accesibilidade, mellora das instalacións de cociñas, remodelación de baños e servizos, equipamentos mobiliarios e mellora de eficiencia enerxética e de espazos común (pinturas, pavimentos, illamentos...).

Pontevedra agrupa o maior número de beneficiarios



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Por provincias, Pontevedra foi a que agrupou o maior número de proxectos beneficiarios cun total de 41 -11 restaurantes e 30 aloxamentos-, para os que a Xunta achegou máis de 870.000 euros. Séguelle en número de proxectos a provincia da Coruña, en que se aprobaron 22 -12 restaurantes e 10 aloxamentos-, nos cales Turismo de Galicia achegou 370.000 euros.

Finalmente, en Lugo aprobáronse un total de 6 restaurantes e 5 aloxamentos cunha achega de case 120.000 euros, mentres que en Ourense a achega foi de case 135.000 euros para un total de 6 proxectos, 3 restaurantes e 3 aloxamentos turísticos.

A través desta liña de axudas creada en 2018, a Xunta subvencionou un total de 208 proxectos de mellora das infraestruturas turísticas cunha achega autonómica de máis de 3.7 millóns de euros e que supuxo unha mobilización de recursos de preto de 21.2 millóns de euros co obxectivo de incrementar a calidade, a accesibilidade e a sustentabilidade da oferta turística galega.

A XUNTA INFORMA DAS ORDES QUE ACTUALIZAN O PAGAMENTO DE MÁIS DE 10 MILLÓNS DE EUROS AOS COLEXIOS DE AVOGADOS E PROCURADORES POLA QUENDA DE OFICIO ATA SETEMBRO DE 2021

- *As cantidades que estarán vixentes neste período inclúen un aumento do 0,7 % correspondente á suba do IPC galego*
- *O Goberno galego adiantou o pagamento dos dous primeiros trimestres deste ano aos avogados que atenden este servizo e compensou os procuradores ante as dificultades causadas pola covid-19*

O Consello da Xunta informou hoxe das contías fixadas para o cuarto trimestre deste ano e os tres primeiros trimestres de 2021 para compensar os colexios de avogados e procuradores de Galicia polas actuacións dos seus colexiados na quenda de oficio. En concreto, a cantidade que se pagará neste período supera os 10 millóns de euros ata setembro do ano que vén, dos cales 9,2 millóns corresponden aos colexios de avogados e 815.000 euros ao Consello Galego dos Procuradores. As dúas ordes polas que se establecen estas compensacións saíran publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) este venres.

O Goberno galego asinou en 2017 un acordo con ambos os colexios para fixar a quenda de oficio cunha vixencia de catro anos. Neste caso, para o último período que recolle o convenio, referente á anualidade comprendida entre o cuarto trimestre deste ano e o terceiro de 2021, terase en conta o IPC de 2019, o que supón un incremento do 0,7 % nas retribucións. Este convenio permitiu incrementar as compensacións económicas, situando a Galicia á cabeza de España en canto ás remuneracións dos letrados e procuradores no ámbito da asistencia xurídica gratuíta.

Ademais, ante a situación excepcional causada polo crise sanitaria do coronavirus, a Xunta decidiu este ano adiantar o pagamento da quenda de oficio antes de que se presentasen as certificacións das actuacións realizadas co obxectivo de darlles liquidez aos colexios de avogados e procuradores que atenden este servizo. Así, anticipou 2,9 millóns de euros para os colexios de avogados no primeiro trimestre deste exercicio e 3,2 millóns no segundo. Na mesma liña, a Xunta adiantou 275.000 euros no primeiro trimestre para o Consello Galego dos Procuradores e destinoulles unha dotación de 149.000 euros por contribuír ao funcionamento e ao mantemento deste servizo.

A Administración autonómica vén introducindo nos últimos anos melloras na xestión deste servizo, que considera fundamental para garantir a igualdade de condicións de todos os cidadáns no acceso á Xustiza. Grazas as medidas que se foron tomando, Galicia é unha comunidade que paga pronto e puntualmente as certificacións remitidas polos colexios profesionais de avogados e procuradores.



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A maiores, deuse conta do vindeiro pagamento aos colexios de avogados e procuradores do terceiro trimestre da Asistencia Xurídica gratuíta por importe de 410.000 euros. O investimento desde 2011 neste servizo de Asistencia Xurídica Gratuíta supera os 104 millóns de euros.



A XUNTA DESTINA 5 M€ Á CREACIÓN DE DOUS CENTROS DE FABRICACIÓN AVANZADA PROMOVIDOS POLAS EMPRESAS LÁCTEAS INLEIT E CLESA E QUE AXUDARÁN A IMPULSAR AS PEMES LOCAIS

- *A Consellería de Economía, Empresa e Innovación financiará a creación destes dous espazos de uso aberto e compartido nos municipios de Curtis e Caldas de Reis*
- *As iniciativas, que mobilizarán 9,5M€, contribuirán a desenvolver a base industrial e fomentar a competitividade a través da súa utilización polo tecido empresarial galego*
- *Prestarán servizos que non estean dispoñibles nese ámbito territorial ou aqueles cuxa oferta non se axuste ás necesidades das empresas*
- *Coa aprobación destas axudas enmarcadas no Plan de reactivación e dinamización económica, xa son sete as infraestruturas que o Goberno galego apoiará en todo o territorio e que permitirán a mobilización de investimentos por valor de case 27M€*

A Xunta apoia con 5 millóns de euros a creación de dous novos centros de fabricación avanzada, dúas infraestruturas industriais de uso aberto e compartido destinadas á produción láctea impulsadas por InLeit, en Curtis e a Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat), pertencente a Clesa e localizada en Caldas de Reis. O obxectivo é que os proxectos contribúan a desenvolver a base industrial a nivel local e a mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas.

Tal e como se informou no Consello da Xunta, a posta en marcha das dúas novas infraestruturas vai supor un volume total de investimentos que superarán os 9,5 millóns de euros. Enmarcada no Plan de reactivación e dinamización económica, esta liña de axudas permite que grandes empresas, con capacidade tractora e financeira, promovan a creación e o uso de centros de fabricación de xeito aberto e compartido entre as pemes que exercen a súa actividade na contorna onde se implanten.

Produtos de alta calidade

A empresa InLeit é a promotora da primeira das infraestruturas destinadas á produción láctea. Crearase no municipio de Curtis, na provincia da Coruña, e estará destinada á síntese de proteínas e subprodutos lácteos de alta calidade. A Xunta achegará máis de 2,4 millóns de euros ao proxecto, case un 60 % do total dos investimentos.

En concreto, a planta terá como obxectivo resolver limitacións que se atopan nas tecnoloxías utilizadas ata agora -que danan as estruturas nativas das proteínas durante os procesos de separación- para, deste xeito, obter niveis máis altos de pureza destas substancias.

As novas tecnoloxías de micro e nano particulación que se adquiran permitirán chegar a concentracións de proteína superiores ao 95 %, algo impensable coas técnicas habituais, que limitan esas concentracións ao 85 %.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Centro de fabricación avanzado de lácteos de alto valor engadido

A segunda iniciativa está promovida pola Agrupación de Cooperativas Lácteas (Acolat) e porase en marcha no municipio de Caldas de Reis, en Pontevedra. Trátase dun centro de fabricación avanzada de lácteos de alto valor engadido e de longo período de conservación, unha factoría altamente especializada que ofrecerá servizos para terceiros de formulación, envasado e manipulación de produtos derivados lácteos animal e/ou vexetal.

O Goberno galego facilitará 2,5 millóns de euros -máis do 46 % dos investimentos- á creación desta infraestrutura que pretende mellorar os procesos térmicos e de envasado dos produtos lácteos para que as empresas do sector que venden no exterior poidan levar a cabo todo o proceso de preparación en Galicia, o que implica eliminar a dependencia doutras compañías de fóra da Comunidade e a redución de custos de produción e loxística.

Balance das dúas primeiras convocatorias

Estes dous novos espazos súmanse aos cinco que se crearán na Cidade das TIC na Coruña, na Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra-As Neves (Plisan), no parque empresarial da Sionlla -no municipio de Santiago de Compostela-, e nos concellos de Narón e Vilagarcía de Arousa, e que están impulsados por agrupacións empresariais e clústeres. Para apoiar a creación das sete infraestruturas, que mobilizarán 27 millóns de euros, o Goberno galego destinará máis de 20,5 millóns de euros.

A XUNTA FACILITA A LIQUIDEZ DE PEMES E AUTÓNOMOS APRAZANDO O PAGAMENTO DAS COTAS DOS PRÉSTAMOS CONCEDIDOS POLO IGAPE E QUE ASCENDEN A 15,5 M€

- *O obxectivo é facilitar que poidan devolver os créditos segundo vaia avanzando a recuperación da actividade*
- *Todos os titulares dos préstamos que teñan cotas que venzan durante este mes de decembro e o primeiro semestre de 2021 poderán solicitar a demora do seu pagamento*
- *Enmarcado no Plan de reactivación e dinamización económica, é o terceiro aprazamento posto en marcha polo Goberno galego desde o comezo da pandemia*

O Goberno galego activa unha nova prórroga para a devolución dos préstamos concedidos polo Igape ás empresas –especialmente pemes– e autónomos co obxectivo de facilitar aos titulares que poidan aprazar as cotas que venzan durante o mes de decembro de 2020 e o primeiro semestre de 2021. Como vén de informar o Consello da Xunta, esta medida favorecerá a liquidez do tecido empresarial galego, contribuíndo a que poidan afrontar esta situación con máis garantías e maior solvencia financeira, posto que as cotas que se aprazan suman 15,5 millóns de euros.

Así, os beneficiarios dos aprazamentos dos pagamentos poderán aboar as cotas pendentes cando se produza o vencemento de cada un dos préstamos concedidos. É dicir, o obxectivo é facilitar que poidan devolver os créditos segundo vaia avanzando a recuperación da actividade. O Igape, dependente da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, comunicará por correo electrónico a todos os potenciais interesados cales son os termos e as condicións da prórroga, e estes terán de prazo ata o 30 de decembro para formular a solicitude de demora.

Con este acordo, xa son tres os aprazamentos que o Goberno galego aplica aos préstamos concedidos polo Igape ao tecido empresarial desde o comezo da covid-19. Estas medidas, que forman parte do Plan de reactivación e dinamización económica, complementan o resto de programas de axudas ao financiamento ao tecido empresarial postos en marcha desde o inicio da pandemia para avanzar na recuperación económica de Galicia, especialmente a dos sectores máis golpeados.

Nova liña de financiamento para sectores con máis problemas de crédito

O programa máis recente é a nova liña de instrumentos financeiros innovadores (IFI), activada o pasado mes de novembro cunha dotación de 10 millóns de euros para facilitar préstamos directos aos autónomos, microempresas e pemes que teñen máis problemas de liquidez e máis dificultades no acceso ao crédito privado.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Entre as ocupacións incluídas están a economía social; o ocio nocturno e a hostalaría; a industria cultural e de lecer; as que realizan a súa actividade principalmente no verán, como as orquestras; e as que non teñen un emprazamento único, como os feirantes. Con créditos de entre 3000 e 500.000 euros por negocio, poderán acceder a créditos brandos, con xuros moi baixos ou próximos ao 0 % e cun prazo para a devolución de ata sete anos, nos cales están incluídos tres de carencia.

Por outra banda, estas iniciativas complementáanse coas liñas de préstamos avalados e a de microcréditos postas en marcha con anterioridade e que tamén foron deseñadas seguindo as recomendacións do Comité de expertos económicos encargado de asesorar a Xunta de Galicia. Finalizado o prazo de solicitudes o 30 de setembro, ata agora formalizáronse máis de 2400 operacións de liquidez que mobilizan préstamos por preto de 130 M€.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 7,7 MILLÓNS DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NAS ÁREAS SANITARIAS DA CORUÑA E CEE E DE VIGO

- *A meirande parte desta investimento, máis de 7 millóns de euros, vai para material de laboratorio e equipamentos de protección individual, completándose o orzamento coa contratación de determinados traballos e servizos*
- *A adquisición de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de tres expedientes de contratación, por valor total de 7.698.099 euros, para subministrar material fronte á covid-19 na Área sanitaria da Coruña e Cee e na Área sanitaria de Vigo. Parte deste orzamento destínase tamén á realización de determinados traballos e servizos na área sanitaria coruñesa.

Dous dos expedientes aprobados hoxe, cun valor total de 5.467.379 euros, atinxen a Área sanitaria da Coruña e Cee. O primeiros deles refírense á adquisición de material por un total de 5.055.399 euros. A meirande parte deste orzamento, 3.931.811 euros, dedícanse á compra de material de laboratorio, que comprende probas PCR, por valor de 2.551.056 euros; kits de detección, cun custo de 702.384 euros; e medios de transporte para as mostras, por un importe de 444.224 euros. O resto do orzamento deste primeiro expediente, 1.123.589 euros, destínase a outro tipo de material sanitario, principalmente equipamentos de protección individual: máscaras por valor de 425.614 euros, batas cun importe de 353.842 euros, e luvas cun custo de 178.750 euros. Complétase o importe con gorros de uso cirúrxico, calzas e buzos, ademais de solucións desinfectantes e escobillóns nasofarínxeos.

O segundo dos expedientes, de 411.990 euros, ten como obxectivo a realización de diversos traballos e a adquisición de material non sanitario tamén na área coruñesa. Destacan, principalmente as tarefas de limpeza, seguridade, e traballos en equipamento informático.

En canto ao expediente restante, recolle un orzamento total de 2.230.720 euros para a adquisición de material para abordar a pandemia da covid-19 na Área sanitaria de Vigo. Máis de dous terzos desta cantidade, 1.631.452 euros, vai destinado a probas de PCR. O resto do orzamento vai para a compra de máscaras e batas de protección individuais, por importe de 139.284 euros; probas serolóxicas de detección da covid-19 por valor de 126.064 euros; e unidades de reactivos auxiliares e material diverso para o laboratorio de Microbioloxía e Bioquímica por importe de 116.352 euros; así como medios de toma de mostras e transporte de mostras virais, fundamentalmente.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes. O Comité de expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A XUNTA CONTARÁ CUN PLAN DE VOLUNTARIADO CENTRADO NO XACOBEO 2021 QUE IMPLICARÁ MÁIS DUN MILLEIRO DE PERSOAS VOLUNTARIAS

- *Este proxecto buscará contribuír no éxito do Ano Xacobeo a través do fomento das relacións interxeracionais, o apoio na información aos peregrinos ou a difusión do patrimonio galego*
- *Entre as novidades destaca o programa Xacobeando, polo que 80 mozas e mozos de toda Europa realizarán labores de sensibilización sobre a conservación do territorio, entre outras actividades*

O Consello da Xunta informou sobre o novo Plan de voluntariado centrado no Xacobeo 2021 que implicará máis dun milleiro de persoas voluntarias durante o Ano Santo. Este proxecto ten como obxectivo contribuír ao éxito do Xacobeo a través do fomento das relacións interxeracionais, o apoio na información aos peregrinos, a difusión do patrimonio cultural galego ou o reforzo do coidado ambiental.

Entre as medidas que se levarán a cabo atópase o Programa voluntariado sénior, que se puxo en marcha no ano 2020 e que procura que os maiores de 55 anos participen activamente da acción voluntaria. Este ano o 23 % do financiamento concedeuse a proxectos relacionados co Ano Santo. En segundo lugar, o Programa de voluntariado xuvenil, destinado a mozas e mozos de entre 16 e 30 anos. O 25 % do destinado a este proxecto durante este ano foi destinado á actividades vinculadas co Xacobeo.

Tamén se potenciará a formación e o voluntariado educativo, co que se impulsarán estas iniciativas xa desde as idades máis temperás. Continuarase cos Premios Galicia Acción Voluntaria, que se convocaron este ano por vez primeira; o Programa voluntariado no camiño, que busca garantir que estean abertas igrexas e monumentos e dar a coñecer entre os peregrinos o patrimonio cultural e ambiental de Galicia; ou a organización de campos de voluntariado vinculados ao Camiño de Santiago, nestes anos xa se celebraron dous: un, en Vedra e Boqueixón, e outro, en Triacastela.

Por último, impulsarase un proxecto de voluntariado europeo dentro do Xacobeo 2021 chamado *Xacobeando*, polo que 80 mozas e mozos de toda Europa colaborarán co servizo de acollida de peregrinos, realizarán labores de sensibilización sobre a conservación do noso territorio e porán ao día os recursos informativos vinculados ao Camiño.

Máis de 1.000 entidades rexistradas

Deste xeito, o Goberno galego contará cun Plan de voluntariado ambicioso e transversal que axudará a consolidar Galicia como a comunidade máis solidaria. Nestes momentos, a nosa Comunidade conta con 1.053 entidades de acción voluntaria rexistradas e 44.658 voluntarios que participan nas súas actividades.

A XUNTA CONSTITÚE O COMITÉ ASESOR SOCIOSANITARIO PARA COLABORAR NA CONFIGURACIÓN DO NOVO MODELO RESIDENCIAL

- *Este equipo, que se reunirá nos vindeiros días, estará formado por perfís profesionais diversos con influencia no sector: traballadores sociais, arquitectos e persoal médico e enfermería, entre outros*
- *Os piares do novo modelo son a compenetración máis estreita entre a atención social e os servizos sanitarios, melloras estruturais e un papel activo para as novas tecnoloxías*

O Consello da Xunta vén de informar a constitución do Comité Asesor Sociosanitario, que terá como misión principal colaborar na configuración do novo modelo de residencias, que procura afrontar os retos presentes e futuros do coidado ás persoas maiores ou con discapacidade.

O Goberno galego quere contar coa participación activa dos axentes que, desde un ou outro ámbito, teñen influencia no sector residencial. Por iso, este comité, que se reunirá por primeira vez os vindeiros días, terá representación de perfís profesionais moi diversos: traballadores sociais, arquitectos e persoal médico e de enfermería, entre outros. O seu obxectivo será deseñar un novo modelo realista, ambicioso e adaptado ás necesidades do sector.

Cómpre salientar que os piares deste novo modelo son a compenetración máis estreita entre a atención social e os servizos sanitarios; melloras estruturais que axuden a responder de maneira óptima a calquera situación sobrevida; e un papel activo para as novas tecnoloxías, que permitan a monitorización da saúde e do benestar dos usuarios das residencias.



A FUTURA LEI DE RECUPERACIÓN DA TERRA AGRARIA REFORZARÁ A LOITA CONTRA O ABANDONO, ANTICIPARASE AOS LUMES E FACILITARÁ BASE TERRITORIAL A QUEN A DESEXE TRABALLAR

- *O Consello da Xunta deu luz verde a un informe sobre a proposta de norma, que entrará no Parlamento proximamente e que é resultado das conclusións do Ditame da comisión parlamentaria forestal, cumprindo o mandato da Cámara*
- *Completa e desenvolve o marco normativo actual, culminando así un camiño iniciado pola Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), a través da que se continuarán decretando novas concentracións parcelarias*
- *Prevé xestionar voluntariamente terras abandonadas ou infrautilizadas, previr os lumes, recuperar a demografía e mellorar a calidade de vida da poboación*
- *Promoverá a recuperación produtiva das terras agrarias a través de instrumentos totalmente voluntarios baseados nos arrendamentos, nas cesións, nas transmisións da titularidade das parcelas ou na xestión conxunta*
- *Establécese o procedemento de declaración de abandono ou infrautilización de predios e regúlanse os mecanismos de mobilización de terras, tales como polígonos agroforestais, aldeas modelo ou agrupacións de xestión conxunta*
- *Permitirá actualizar o Catastro en Galicia, grazas á notificación dos resultados da investigación da propiedade feita pola Xunta ao Ministerio de Hacienda, atendendo así unha demanda recorrente da cidadanía*
- *Promoverá o Banco de Explotacións, que mediará entre os titulares de granxas que abandonan a actividade e os interesados en traballalas, co obxecto de evitar que pechen e que se abandonen as terras que as conforman*
- *Apoiaranse proxectos de recuperación de terras agrarias mediante a aplicación de incentivos fiscais e medidas de fomento da súa xestión e posta en valor, como poden ser axudas públicas ou a execución de traballos por parte da Xunta*

O Consello da Xunta deu luz verde a un informe sobre a proposta normativa da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, que proximamente será remitida ao Parlamento. Esta norma recolle o marco xeral para a xestión da terra agroforestal, a súa ordenación de usos e o fomento da súa recuperación, co fin de poñer a producir as terras arestora abandonadas e infrautilizadas e de achegarlle base territorial suficiente a aquelas explotacións que a precisan, promovendo a continuidade das explotacións e a boa xestión das terras que as conforman. Todo isto fará posible anticiparse aos lumes forestais, traballar pola recuperación demográfica e polo asentamento no rural e mellorar, en definitiva, a calidade de vida da poboación.

Con esta norma dáse solucións á dispersión e ao pequeno tamaño das parcelas, que comporta dificultades técnicas para o cultivo mecanizado. Ademais, o enorme grao de descoñecemento da titularidade dos predios complica os procesos de mobilización,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

polo que a futura lei facilitará moito neste caso a súa xestión. A norma é resultado das conclusións do Ditame da comisión parlamentaria forestal levada a cabo despois dos incendios de 2017, e con ela dáse cumprimento ao mandato da Cámara galega.

A futura lei baséase na garantía plena nos procedementos, a seguridade xurídica nas relacións entre os diferentes axentes que actúan sobre o territorio e a voluntariedade na súa participación dentro dos diferentes mecanismos de mobilidade. Así, sempre alcanzará un beneficio económico para o propietario das terras, mentres aquelas persoas que as queiran traballar contarán coa superficie suficiente para unha actividade económica rendible, sempre mantendo a titularidade dos predios.

Ademais, completa e desenvolve o marco normativo actual, culminando así un camiño iniciado pola Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (Metaga), que sinalaba na súa exposición de motivos que a nosa Comunidade se dotaría con iniciativas futuras dun conxunto de normas para constituír un corpo xurídico cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos. Deste xeito, xunto coas concentracións parcelarias públicas reguladas na Metaga que se seguirán decretando, na nova lei apóstase por mecanismos de mobilización que permitan unha maior participación dos interesados na xestión das terras. O obxectivo último das dúas normas – da Metaga e da futura Lei de recuperación – é mellorar a estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, favorecendo a súa rendibilidade.

Identificación e ordenación de usos

A normativa ordenará o uso das terras de carácter agroforestal. Realizarase a través da posta en marcha dun Mapa de usos agroforestais, que reflectirá o emprego das terras agroforestais e servirá de base para planificar as actuacións das administracións públicas na materia. En relación coa identificación e coa ordenación de usos, tamén prevé a creación dun Catálogo de solos agropecuarios e forestais. Así, este instrumento marco para a ordenación e a xestión do desenvolvemento dos usos dos solos -que era unha figura recollida na Lei do solo pero que non estaba desenvolvida- clasificará os terreos agropecuarios e forestais e dentro deles os solos de alta aptitude agropecuaria en función da súa aptitude produtiva actual e potencial a partir da análise de factores físicos, ambientais, estruturais e socioeconómicos.

Investigación da propiedade e declaración de abandono ou infrautilización

Incidindo na investigación da propiedade, esta lei será, ademais, o instrumento que permita iniciar a actualización do Catastro, unha cuestión que compete integramente ao Ministerio de Facenda. Así, con esta norma iniciaranse procedementos administrativos de revisión de titularidade, xeométrica e topográfica daquelas parcelas en que exista un interese por recuperalas e poñelas en valor. Neste sentido, tras ese proceso de revisión, a Xunta notificará os resultados ao citado ministerio para que proceda á súa actualización, unha cuestión demandada de xeito recorrente pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ciudadanía. Este proceso realizarase a través da formalización dun convenio entre a Xunta e o Estado, para facilitar a información compilada e modificar con ela o Catastro.

Na lei establécese e detállase a declaración de abandono ou infrautilización de predios, un paso previo fundamental para fomentar a súa xestión. Así, como consecuencia deste proceso, aos titulares dos terreos infrautilizados ofrécenselles tres opcións: recuperar o terreo e poñelo en condicións de produción, ceder a un terceiro o seu uso e aproveitamento ou, por último, incorporar o predio ao Banco de Terras. De non aceptar ningunha destas opcións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) poderá emitir resolución de declaración de abandono, que pode comportar a apertura de expedientes e permite a execución subsidiaria da limpeza do predio.

Instrumentos de recuperación e posta en valor da terra

Nesta liña, a nova norma -que vai achegar axilidade ao Banco de Terras e mellorar a súa funcionalidade- rexerá un conxunto de instrumentos voluntarios para mobilizar a terra, que convivirán coa declaración de novas concentracións parcelarias en lugares en que haxa iniciativa agrícola e gandeira. Entre eles salientan os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións de xestión conxunta.

Os polígonos agroforestais teñen por obxecto poñer a producir áreas de terra agraria abandonada ou infrautilizada e con boa capacidade produtiva, por iniciativa da administración ou de particulares. A súa posta en marcha poderá requirir da reestruturación da propiedade e da existencia de axentes promotores que se someterán a un proceso de concorrência competitiva para xestionar a terra. Así, a administración controlará en todo momento o acaparamento de terras con sistemas como a limitación da porcentaxe de participación dun mesmo interesado, entre outras cuestións, xa que a lei contén un artigo exclusivamente centrado na materia.

A norma establece que cos polígonos agrogandeiros e forestais se poderán producir cambios de titularidade por compravendas ligadas á posta en marcha do proxecto e tamén contratos de arrendamento entre os propietarios e os interesados en poñer a producir esas terras. Ademais, dentro desta figura, establécese tamén a dos polígonos devasas, que procuran a xestión do territorio agroforestal co fin de anticiparse aos incendios. Así, os polígonos devasa achegan novas solucións á prevención convertendo as devasas en polígonos agroforestais nos cales a prevención de incendios se combinará coa posta en valor destas zonas, promovéndose a actividade agrícola, gandeira e forestal, en todos os casos mediante criterios sustentables e, no caso dos usos forestais, utilizando especies que reduzan o risco de propagación de lumes.

Coa figura das aldeas modelo búscase recuperar de xeito sustentable terra abandonada arredor dos núcleos de poboación creando actividade agrogandeira e, polo tanto, devasas naturais para anticiparse aos incendios. A posta en marcha destas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

figuras faise respectando en todo momento lindes e peches perimetrais. Dentro desta figura, da que xa existen varias iniciativas piloto en marcha, crearanse as chamadas Áreas de dinamización de núcleos rurais (Dinur). Así, establécese que a Xunta, por solicitude do concello, poderá declarar estas zonas naquelas aldeas modelo que precisen melloras na calidade dos equipamentos e servizos, entre outras cuestións.

Outra figura establecida na lei é a das agrupacións (agrogandeiras e forestais) de xestión conxunta, regulando a finalidade destes colectivos, o obxecto e tamén os requisitos que deberán cumprir como promotoras das actuacións conxuntas. Así, as persoas propietarias ou titulares de dereitos de aproveitamento de terreos agroforestais que pretendan xestionar conxuntamente as súas parcelas poderán solicitar o seu recoñecemento como agrupación agrogandeira ou forestal. Este modelo de xestión conxunta non suporá a reorganización da propiedade dos terreos agroforestais e comportará a obrigatoriedade da súa xestión e aproveitamento de maneira conxunta durante o tempo de vixencia da actuación neses terreos.

Dentro dos procedementos de mobilización, a lei regula tamén un sistema de permutas ou “cambios” voluntarios para solucionar o problema dos titulares de explotacións agrogandeiras e forestais que teñen predios enclavados que dificultan a súa xestión e a súa rendibilidade. A nova norma conterá medidas para favorecer estas permutas. Entre elas, destaca a posibilidade de entregar parcelas de maior tamaño que as iniciais aos propietarios que permutan os predios situadas arredor das instalacións agrogandeiras. Os enclavados serían aquelas parcelas de reducido tamaño situadas no interior do perímetro doutro predio ou que separen dous ou máis terreos do mesmo propietario.

Outra ferramenta que se crea, para propiciar a remuda xeracional no agro, é o Banco de Explotacións, un instrumento público de mediación que facilitará o contacto entre titulares de explotacións que abandonan a actividade e persoas interesadas en incorporarse a elas, co fin de garantir a súa continuidade e a das súas terras.

Medidas para promover a mobilización

A lei prevé medidas xerais para promover a recuperación e posta en valor da terra agraria, tales como axudas públicas, liñas de crédito bonificadas e outros instrumentos financeiros (sobre todo, préstamos garantidos cofinanciados por fondos europeos estruturais e de investimento) e contratos temporais de xestión pública. Incorpora incentivos fiscais en impostos que xestiona a comunidade autónoma. Entre eles, a dedución por investimento en empresas que desenvolvan actividades agrarias, por adquisición e rehabilitación de vivendas nos proxectos de aldeas modelo ou a redución por adquisición ou arrendamento de predios rústicos e por transmisións de solo rústico. Tamén, a dedución por adscrición de bens e dereitos aos instrumentos de mobilización de terras e a aplicable á transmisión, arrendamento ou cesión temporal de terreos incorporados ao Banco de Terras.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O texto legal recolle tamén propoñer ao Estado medidas fiscais específicas para incentivar a mobilización. Dentro delas, resaltan as relativas á imposición sobre a renda das persoas físicas e xurídicas para favorecer o arrendamento das parcelas rústicas ao Banco de Terras e a transmisión ou arrendamento dos predios que se incorporen aos polígonos, ás aldeas modelo ou ás agrupacións de xestión conxunta. Tamén, incentivos fiscais a prol da incorporación de axentes promotores aos mecanismos de mobilización, así como nos tributos estatais que afecten as permutas en solo rústico.